

## 2. Panorama do teatro galego actual

### 2.1. Periodización e caracterización

As mudanzas sociais, culturais e políticas a partir de 1978 influíron para que se producisen no ámbito teatral reorientacións e cambios. Os máis importantes foron a profesionalización e a institucionalización.

Distinguimos **catro fases** no desenvolvemento do teatro galego actual:

#### 1ª fase (1978-1983). Formación de compañías profesionais.



Grupos xurdidos á calor das Mostras de Ribadavia (Antroido, Troula, Mari-Gaila...) lánzanse a vivir do labor teatral e nacen novas compañías como a ourensá Sarabela Teatro, dirixida por Ánxeles Cuña. Póñense en marcha publicacións e coleccións de teatro: *Don Satrio*, *Elsinor Teatro*, *Cadernos da Escola Dramática Galega*... Manuel Lourenzo e Francisco Pillado realizan un labor fundamental de investigación e difusión da nosa historia teatral, con volumes como *O teatro galego* (1979). Continúan celebrándose mostras emblemáticas, como a de Ribadavia, e nacen outras como a de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, a de Cariño e a de Cee. No plano estético, as obras de intencionalidade política explícita ou de formato alegórico van deixando paso a novas propostas, máis diversificadas e complexas.

**2ª fase (1984-1990). Institucionalización.** Aparecen na segunda metade dos 80 novas compañías profesionais, como Teatro do Atlántico, Matarile, Teatro do Noroeste, Teatro de Ningures, Chévere, Teatro do Morcego e Teatro do Aquí. Créanse o Centro Dramático Galego (1984) e o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM, 1989, logo absorbido na axencia AGADIC). Comezan a funcionar os primeiros circuitos patrocinados pola Consellería de Cultura (Martes Teatrais, Venres Teatrais...). Convócanse diversos premios amparados por institucións públicas, como o Rafael Dieste (Deputación coruñesa) e o Álvaro Cunqueiro (IGAEM). Ponse en marcha en 1987 A Biblioteca do Arlequín (Sotelo Blanco) e consolídase a *Revista Galega de Teatro* baixo a dirección de Antón Lamapereira. Na Coruña funcionan a Escola Dramática Galega e a sala Luís Seoane (1981-1991).

#### 3ª fase (1991-2010). Consolidación do sistema teatral galego.

Rexístranse variados acontecementos e dinámicas, que podemos resumir así:


- O nacemento de novas compañías profesionais (Uvegá; Factoría; Malbarate; Talía; Ollomoltranvía; Áncora Produccións; Os Quinquilláns; Berrobambán; Volta e Dálle; Lagarta Lagarta; Teatro do Adro; Mofa e Befa; Fulano, Citano e Mengano...), que comparten



espazo con outras de teatro emerxente, alternativo ou experimental (Teatro Ensalle, Nut Teatro, Voadora...) e con numerosos grupos *amateurs*, que se asocian en 2001 na Federación Galega de Teatro Afeccionado.

- A posta en funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios (1996), que fixo posíbel unha oferta diversificada e descentralizada; a aprobación do primeiro Plan Galego das Artes Escénicas (2008) e a posta en marcha en Vigo, no curso 2005/06 e baixo a dirección de Manuel F. Vieites, da Escola Superior de Arte Dramática (ESAD). No lado negativo rexistrouse a desaparición da Escola Dramática Galega (1994) e dos seus *Cadernos* (1996).
- A celebración en distintas localidades de novos festivais e mostras de Teatro, como Galicreques, a Mostra de Teatro Universitario; o Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo, o Festival de Títeres de Redondela e a Feira Galega das Artes Escénicas.
- A apertura de novas salas teatrais privadas estábeis en Compostela, como a NASA (1992-2011), da man da compañía Chévere; a Galán (1993-2005), vencellada á compañía Matarile; e a Yago, utilizada por Cachirulo e logo por Teatro do Noroeste, ata o seu fechamento en 2007.
- A edición de monografías, traducións, dicionarios de teatro, estudos, documentos e panoramas históricos do teatro galego, da man de entidades como a Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado (Universidade da Coruña, 1997).
- A posta en marcha de novas coleccións como Libros do CDG (Xerais), Escena Aberta (Laivento), Máscaras (Tris Tram) ou A Pinguela (Fervenza), que paliaron a febleza editorial do teatro galego.
- A aparición de novas revistas de información, creación e crítica teatral como *Escaramuza* (1997-2008), *Casahamlet* (1999-2012) e *Paraíso* (2007-2012), que se sumaron á xa veterana *Revista Galega de Teatro*.
- A convocatoria de novos certames (Estornela, Barriga Verde e Manuel María, para o teatro de monicreques e infantil; Diario Cultural, para teatro radiofónico...) e, desde 1997, dos Premios María Casares.

**4ª fase (2010 á actualidade). Crise do sistema teatral galego,** azoutado sucesivamente pola crise económica desatada en 2008, pola actitude de desapego por parte da Administración autonómica (recortes orzamentarios, parálise da AGADIC e do CDG, adelgazamento da Rede de Teatros, cese da edición da revista *Paraíso*, cancelación da



Volume da colección *Documenta*, da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor.



*O afundimento do Tiránic*, obra gañadora do I Premio Barriga Verde para teatro de monicreques, convocada pola AGADIC.

Feira das Artes Escénicas...) e, na época máis recente, polas restricións e efectos negativos da crise pandémica da COVID. As consecuencias para o sector foron devastadoras: desaparición de compañías, feche das salas privadas, dificultades de todo tipo para a produción de espectáculos, relativa perda de público, práctica inexistencia de edicións de pezas teatrais, cese na celebración de mostras, altas taxas de desemprego na profesión...

## 2.2. Principais tendencias do teatro galego actual

Existen varias grandes tendencias que frecuentemente se entrecruzan: a **crítica**, a **culta**, a **irónica**, a **experimental** e a **lúdica**.

O teatro **crítico** e comprometido coa realidade non ten xa o carácter abertamente belixerante e directo da etapa anterior, senón que botará man frecuentemente do **humor** e da **sátira** para retratar aspectos da nova realidade (Salgueiro, Gustavo Pernas, Guisán, Pazó...). Tamén unha visión crítica ofrecen os **dramas** de Dans, Písón, Inma A. Souto, Pernas ou Rubén Ruibal, especialmente centrados nos conflitos de parella, na soidade do individuo, na marxinalidade social ou nos valores negativos dominantes (competitividade, violencia, insolidariedade, explotación laboral, corrupción...). O **neorruralismo** é cultivado, entre outros, por Raúl Dans ou polos autores do espectáculo *Pan*.

O **culturalismo** caracterízase pola utilización do “teatro dentro do teatro” e pola reflexión sobre a relación vida / escena (Fernán-Vello, Guisán, Dans). A **intertextualidade** e a volta e recreación de textos da dramaturxia universal é outro trazo destacado (Becerra, Cadaval, Pazó), Realízanse ademais adaptacións de novelas galegas contemporáneas (*O lapis do carpinteiro*, *A esmorga*, *Tic-Tac*, *O clube da calceta*...). Continúa cultivándose o **teatro histórico** (Pazó).

Cobran cada vez maior relevancia as propostas de corte **experimentalista** ou **posdramático** (Písón, Sande, Vallés...), preocupadas pola renovación das linguaxes escénicas e a multidisciplinariedade. Lévanse adiante proxectos de creación colectiva, como *Pan. Catro propostas arredor da malla* (2008), da compañía Volta e Dálle; *Estigma* (2008) producido en 2008 polo CDG con textos de Xacobo Paz, Rubén Ruibal e Vanesa Sotelo ou *Emigrados* (2008), espectáculo de Teatro de Ningures sobre textos de X.M. Pazos, Suso de Toro, Cándido Pazó, Anxos Sumai e Sonia Torre.

O **teatro de carácter lúdico** (Pazó, Cadaval...) ten o seu xénero favorito na comedia, en todas as súas vertentes: de enredo, musical, policial etc.



Algunhas novelas galegas de éxito foron adaptadas ao teatro.


### 2.3. Autores/as da Xeración Post-Abrente

O panorama dramático galego a partir de 1978 está protagonizado, basicamente, por dúas novas promocións, que algúns críticos saúdan como dos 80 e dos 90, respectivamente, mais que poden englobarse baixo a etiqueta común de **Xeración Post-Abrente**. Dentro da **promoción dos 80** destacan, por orde alfabética, os seguintes nomes:

**Inma Antonio Souto** (A Coruña, 1968): Actriz, deseñadora e dramaturga, escribiu numerosas pezas de marcado lirismo, entre as que figuran *Historia do silencio* (1985); *Como cartas a un amante* (1987) e *As águas mudas* (1989). Talvez a súa mellor peza sexa *Era nova e sabía a malvaísco* (1990, Premio Biblioteca do Arlequín), diálogo existencial entre unha actriz que regresa á súa cidade tras unha longa ausencia, finxindo ser quen non é, e un camareiro do bar da estación de tren, admirador seu, que lle vai arrincando confesións. Posteriormente ofreceu *Mórdeme* (1996); *A ciencia dos anxos* (2003, Premio Dieste); *Os cárceres do esquizo* (2004) –que retrata con crueza, a través das lembranzas dun reporteiro xubilado, o mundo de guerras e fames que vivimos–; e, por último, a comedia de enredo de final trágico *Aforro ordinario* (2006), que se desenvolve no interior dunha sucursal bancaria en que se aparece a pantasma dun suicidado.

**Manuel Guede Oliva** (Venezuela, 1956): Tradutor e adaptador de pezas de autores clásicos, actor en grupos ourensáns como Histrión 70 e Caritel e director en varios períodos do Centro Dramático Galego, deuse a coñecer como dramaturgo na Mostra de Ribadavia con *Informe sobre unha terra* e posteriormente escribiu pezas como *Os nomes do disfrace* (2002), que se desenvolve nunha cantina, e *Ocaso Otero* (Premio Cunqueiro 2006), que ten como protagonista á sonada cupletista *La Bella Otero*, que se sincera nos seus derradeiros días de vida.

**João Guisán Seixas** (A Coruña, 1957): Actor de compañías como Teatro Circo e Escola Dramática Galega, dáse a coñecer como dramaturgo gañando dous premios a fins dos anos 70 con *Crónica dunha amante feia* e mais *O vendedor de janelas*. Aprécianse nelas xa dúas características de toda a súa produción: a personificación de elementos da escenografía, como acontece tamén en *Un cenário chamado Frederico* (1985), e mais a ironía. Despois de anos de silencio, Guisán sorprendeu á crítica e ao público coa publicación, en 1997, de *Teatro para se comer*. Na premiada *Actas do XXIV Congreso Internacional acerca de A Táboa Ocre de Núbia* (1998), Guisán pon ao descuberto con ironía moitas das eivas morais do home culto (pedantería, hipocrísia, frustración, vaidade, envexa...) e ofrece unha refinada crítica do sistema cultural establecido.



João Guisán Seixas.

**Xesús Pisón Villapol** (Ferreira do Valadouro, 1954): É autor dunha obra moi persoal, caracterizada pola axilidade da lingua, a teatralidade das situacións e o logrado ritmo escénico. A súa primeira peza, *O pauto* (1983), é unha sátira esperpéntica e tremendista na que o Demo resulta menos malvado que os príncipes da Igrexa. A temática de crítica social continúa na obra coa que gañou o Premio Dieste na súa primeira convocatoria, *Ei, Feldmülhe! Fantasía do Valadouro con vampiros* (1991). A partir das dúas pezas do volume *Veneños* (1994), tituladas *Como Jekyll e Hyde* e *A Vía Láctea*, Pisón evolúe cara a un teatro que afonda, cunha visión moi aceda e pesimista, nas relacións humanas, coa familia, a parella e a soidade no centro do remuíño. Nas seis pezas breves incluídas en *Teatro-minuto* (1996) procura novos camiños expresivo-formais, abreviando os textos ao máximo. De 2002 é *Memoria da esfínxe* e de 2005 o volume *Noite invadida*, que recompila varias das pezas xa citadas. En 2009 fixo en *Nocturno Poe* a adaptación teatral dos contos do escritor norteamericano. O pesimismo que destilan moitas destas pezas contrasta co desenfado e a fantasía do seu teatro infantil: *O xigante don Gandulfo, señor de Tentequedo* (1980), *O rei aborrecido* (1984), *Viva Peter Pan* (1995); etc.

**Miguel Sande** (Arteixo, 1961): É autor dun teatro innovador, orixinal e arriscado, que xoga adrede cos límites e convencións do xénero. Comezou a súa traxectoria co monólogo *Á alba pide comigo vivir* (1986, refeita en 2014 co título de *Sabes que mamá quería ser bailarina*), que xira arredor do desacougo amoroso, a confusión e a infelicidade dunha rapaza estudante universitaria, que descobre que está embarazada e decide abortar. En 1999 gañou o premio Dieste con *Ninguén chorou por nós*, que conta a historia de desencontro entre un labrego arrendatario, ao que expulsan da casa e das terras, e a súa filla, que precisamente ese día culmina con éxito a súa tesina universitaria. No 2002 entregou *39 veces chao* (Premio Dieste 2001), en que unha serie de chamadas polo móbil pautan o ritmo do monólogo dunha muller de 38 anos de idade, sumida nun certo marasmo sentimental. Xuntou estas tres pezas nun único volume, co título de *Elas, que din* (2005).

A nómina de autores dos 80 do teatro galego debe completarse con **Xoaquín Agulla** (*A caeira*); **Alberto Avendaño** (*Fin de acto*); **Lino Braxe** (*A promesa, A actriz, O camiño das estrelas, A espada de Raex, Campo sur*); **Xosé Carlos Cermeño** (*Almas perdidas*); **Cid Cabido** (Copenhague, en colaboración con Álvarez Vila); **Ánxeles Cuña Bóveda** (*Dáme veneno, A gata con botas, Margar no pazo do tempo*); **Miguel Anxo Fernán-Vello** (*A tertulia das máscaras, A estraña señorita Lou, Cuarteto para unha noite de verao, A casa dos afogados*); **Joel R. Gómez** (*A desforra; Data crucial; Teatro á medida e pronto para si*); **Emilio González Legazpi** (*Festa no xardín*); **Xavier Lama** (*O peregrino errante que cansou o Demo; O serodio remordemento do amor; Lección de teatro case sen pernas; Sete veos*); **Xosé Luís Martínez Pereiro** (*Tres crimes en busca dunhas labazadas; Un día na vida de Vladimiro e o seu can Trotsky, Carne de estatua; Traxicomedias de Pai Ternoster e unha pastora lusitana chamada Viriata*); **Teresa Moure** (*Unha primavera para Aldara; Cínicas*); **Hernán Naval** (*Comunicando*); **Francisco Piñeiro González** (*A derradeira batalla do Marqués de Sargadelos*); **Henrique Rabunhal** (*A noite das noites; Oratio mare*); **Anxo Rei Ballesteros** (*Xogos de damas*); **Antón Reixa** (*After Shave, Gulliver FM, Doberman*); **X. H. Rivadulla Corcón** (*Festa rachada, Capadoras Castela, ¡Furga garabela!, Praia na noite e mais Salitre*); **Manuel Rivas** (*O heroe*); **Suso de Toro** (*Unha rosa é unha rosa*) e **Luísa Villalta** (*Concerto para un home só, Os representantes, O paseo das esfínxes, As certezas de Ofelia, Os dóces anos da guerra*).



Miguel Sande.

Pola súa vez, na **promoción dos 90** da literatura dramática galega situamos a:

**Quico Cadaval** (Ribeira, 1960): Integrante da compañía compostelá O Moucho Clerc, a finais dos 80, contacontos e director teatral, é autor de pezas como *Códice clandestino* (1989), *O rouxinhol da Bretaña* (1991) e *Obra (No comment)* (2008), protagonizada por tres obreiros de diferentes partes do mundo que traballan en 1929 na construción dun rañaceos neiorquino. O autor cuestiona sarcasticamente nela a orde mundial capitalista. Tamén fixo diversas adaptacións, entre as que cabe salientar, polo seu éxito de crítica e público, a de *Noite de Reis* de Shakespeare.

**Raúl Dans Mayoral** (A Coruña, 1964): Actor en compañías herculinas como a Luís Seoane, guionista de cinema e televisión e director de dobraxe, iniciou a súa andaina coa peza *Water-look* (1990), en que ofrece unha visión do refugallo social e moral da vida urbana, temática que reaparecerá en obras posteriores, como *Derrota* (1997). En 1993 gañou o Premio Dieste con *Matalobos*, traxedia rural expresionista e violenta, tendencia que continuaría con *Estrema* (1999). En *Lugar* (Premio Cunqueiro en 1994) e *O paso* (1999), o conflito xira arredor do reencontro do protagonista consigo mesmo en distintas etapas da súa vida. Na “traxicomedia fantástica e moi negra” *Cita co díaño* (1999) recrea e actualiza o mito de Fausto. Tamén son da súa autoría *Do outro lado* (2000), *A chamada* (2001) e *Discreción total* (2002). En 2008 deu a coñecer o volume recopilatorio *Nun mundo hostil*, que reúne dezaseis pezas breves, e *Nachtmahr*, unha peza en que o protagonista é un escritor en plena crise creativa. En *Chegamos despois a unha terra gris* (2011) reflexiona sobre a maldade humana por medio do personaxe dunha nai enferma terminal de cancro incapaz de amar a súa filla. Nos *thrillers* psicolóxicos *Unha corrente salvaxe* (2020) e *Historia dunha descoñecida* (2020) as personaxes femininas encarnan a maldade extrema e o sentimento de culpa. De 2020 é *Só un home bo*, que obtivo o Premio Laudamuco. A produción de Dans caracterízase polo seu extraordinario dominio do diálogo, o rigor na construción, a tendencia á depuración e á esencialización, a pegada da traxedia clásica e a presenza constante da violencia nas súas diversas manifestacións.

**Teresa González Costa** (O Grove, 1975): Actriz, filóloga, profesora e contacontos. É autora de varias pezas infantís, como *Pingueiras e tarteiras* (Premio Manuel María, 2008). Con *Sempre quixen bailar un tango* gañou o Premio Cunqueiro en 2008. Nela reflexiona sobre a incomunicación, o triunfo da banalidade, as falsas necesidades e as ínfulas de ascenso social presentes na nosa sociedade.



Quico Cadaval.




Raúl Dans.




Teresa González Costa.

**Cándido Pazó** (Vigo, 1960): actor de diversas compañías, guionista, director de escena e contacontos, resulta un dos dramaturgos máis orixinais, prolíficos e premiados do teatro galego actual. As súas pezas fan pé nos monólogos ou nos diálogos ben construídos e expoñen as interioridades dos seres humanos. Entre os seus títulos deben citarse a *Commedia. Un xogue para Goldoni* (1993); *O rei nu* (1995), escrita con Quico Cadaval con pé no conto de Andersen; *Raiñas de pedra* (1995), que xira arredor da lenda medieval de Inés de Castro; o monólogo irónico *O bululú do linier* (2000); *O último roedor* (2000); *Niki-ñaque* (premio Max 2002), protagonizado por dous actores que andan á procura do triunfo profesional; *Binomio de Newton. Esgrima dialogada para dous actores* (2005), protagonizado por un rapaz que está a piques de se suicidar e un adulto que tenta impedirlo; *García* (Premio María Casares 2006), peza de aparente corte histórico en que o protagonista reflexiona sobre o exercicio do poder e o sentido último da liberdade persoal; *A piragua* (Premio María Casares, 2008), que se debruza sobre a problemática da violencia de xénero; *E ti, quen vés sendo?* (2008), comedia protagonizada por varios “sen teito” que queren representar o *Anfitrión* de Plauto; *Dúas mamás* (2008), tenso diálogo entre unha muller acomodada e a asistente inmigrante que coida da súa nai; *Zipi e Zape*, que expón un conflito familiar coas partillas como pretexto; o monólogo *Historias tricolores* (2009); *As do peix* (Premio María Casares 2014), en que se retrata a dura vida das traballadoras da conserva. No mesmo 2014 ofreceu as pezas *A demolición* e *Ra, Ra, Ra*. Pazó tamén realizou diversas adaptacións teatrais: a montaxe *Nau de amores*, sobre dezaseis textos do escritor portugués Gil Vicente; *Nano* (1998), baseada na novela de Suso de Toro *Tic-tac* e *Memoria das Memorias dun neno labrego* (2011), inspirada na novela homónima de Neira Vilas. Sobre a vida do poeta Eduardo Pondal xira a súa peza *Fillos do sol* (2021).



Cándido Pazó.

**Gustavo Pernas Cora** (Viveiro, 1959-A Coruña, 2018): Profesor de teatro na Universidade herculina, guionista e actor na compañía Áncora Producións, que el propio fundou en 1989 con Ánxela G. Abalo, foi tamén autor de numerosas obras nas que analizou con ollada crítica as relacións humanas, os comportamentos sociais contemporáneos e temas como a soidade, a incomunicación, a xenofobia, o consumismo, o falseamento da democracia, a violencia, etc. Comezou a súa traxectoria con *O galego, a mulata e o negro* (1990, editada en 1999), á que seguiron as pezas *Ladraremos* (1996), *Fábula* (1997) e *Anatomía dun hipocondríaco* (1998), que reuniu logo no volume *Comedias paranoicas* (2000). Tras estrear *Footing* (2001), a comedia urbana *Paso de cebra* (2004) e catro breves pezas reunidas en *Sucesos* (2004), obtivo en 2004 o Premio



Dieste con *Final de película* (2006), obra en que frustriga os males do sexismo e da xenofobia a través dunha trama en que ningún dos sete personaxes asistentes a unha función de cine interrompida por un apagón resulta ser quen os demais coidan que é. *Medidas preventivas* (2006) é un conxunto de cinco pezas breves de humor negro. *Taras* (2008) denuncia as miserias que agocha o mundo da moda e a industria téxtil. O volume *Tres logomonos* (2012) recolle as pezas *Colgados*, *Pisados* e *Snakizados*, críticas coa deriva da sociedade. Publicou tamén o ensaio *Os ollos de Victorine e a construción da cuarta parede* (2006).

**Rubén Ruibal Armesto** (Ribadeo, 1970): Actor teatral, discípulo de Vidal Bolaño (con quen traballou na compañía Teatro do Aquí) e animador da compañía Teatro Cachuzo, é autor de *Limpeza de sangue* (Premio Cunqueiro, 2006 e Premio Nacional de Literatura Dramática, 2007), obra de estrutura cinematográfica que encerra unha crítica, non exenta de humor, á sociedade actual. Conta a historia dun ex-heroinómano e un inspector de obras corrupto que coinciden na sala de hemodiálise dun hospital e acaban facéndose amigos, aínda que se ven implicados nunha escura trama que ameaza con destruílos. Outros títulos posteriores son *Nunca durmo* (delirante texto protagonizado por dúas mozas lesbianas que están sentadas na cama vendo a televisión); *Trafic: arroz mubi* (2004) e *¡Triunfadores!* (2005). Colgou na web de Estaleiro Editora as pezas *Insomnio* e *Fume*. Esta última, que xira arredor de dous traballadores contratados por unha ETT, foi escrita en colaboración con **Carlos Losada**. De 2009 son as pezas *Delimvois* –reflexión sobre o poder da ciencia nun mundo futuro–, *Cambios de destino* e *Onde andas, Karl?*

**Roberto Salgueiro** (Caracas, Venezuela, 1966): Actor, director escénico, responsábel da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela desde 1990 e varias veces gañador do premio Álvaro Cunqueiro, comezou a súa escrita teatral con *O arce no xardín* (1988), ao que seguiron *Historia de Neera* (1988); *De cruces, picas e carabelas* (1992), que encerra unha visión crítica e desmitificadora sobre a conquista de América; *Todo é horrible, moi horrible e eu tamén* (1996), que se sitúa na liña do teatro do absurdo; *Váter* (1999), definida como “comedia claustrofóbica”; a comedia *Eliana en ardentía ou Bernardo destemplado* (2000), clara parodia do *Romeo e Xulieta* shakespereano; *Matanza* (2002), metáfora satírica da sociedade actual protagonizada por dous porcos humanizados; *Molière final* (Premio Cunqueiro en 2002), que nos presenta as distintas reaccións que o óbito do dramaturgo francés esperta entre os seus achegados e o conflito que se suscita pola prohibición de enterralo en sagrado;



Rubén Ruibal Armesto.



Roberto Salgueiro.

*Apnea* (2003), traxedia contemporánea; *Memoria de Helena e María* (Premio Abrente, 2006), cunha trama vinculada á guerra civil, e, por último, *Historia da chuvia que cae todos os días* (Premio Cunqueiro, 2007), construído a base de diálogos tensos entre un pai emigrante retornado, bebedor e maltratador; o seu fillo, que quere marchar a Canarias para fuxir da precariedade e do abuso laboral en que vive e, por último, a moza deste, que tamén traballa explotada nun supermercado e intenta convencelo de que fique.

**Ana Vallés** (Ferrol, 1959): Fundadora en 1986, con Baltasar Patiño, da compañía compostelá Matarile Teatro, directora, coreógrafa, actriz, responsábel da Sala Galán no período 1993-2005 e autora dramática, é probabelmente unha das figuras máis innovadoras, inconformistas e rompedoras do panorama actual, mercé a montaxes e propostas de marcado ton experimental, en que se recorre á fragmentación, se prescinde practicamente do argumento, se reduce drasticamente o rol das palabras e se combinan efectos escenográficos e diversas artes plásticas e visuais (danza, música, fotografía...): *Andante* (1991), *Café acústico* (1992), *The Queen is dead* (1999), *A brazo partido* (2001), *Acto seguido* (2004), *Illa Reunión* (2006), *Cerrado por aburrimiento* (2009); etc.

No que levamos de novo milenio, rodeados de todos os condicionantes negativos antes sinalados, xorden así e todo novos dramaturgos de mérito, entre os que cabe salientar nomes como **Marcos Abalde** (*Xudite*; *O tsunami*; *Canibalismo*; *A cegueira*); **Afonso Becerra de Becerreá** (*Agnus Patri*; *Dramaticulas*; *Textículos dramáticos e posdramáticos*); **Paula Carballeira** (*Un porco e unha vaca xa fan zoolóxico*; *Malicia*; *Vendetta*; *Boas noites*; *Pressing catch*; *Contatrás*; *Alicia & Alicia*; *As alumnas*); **Esther F. Carrodeguas** (*Voaxa e Carmín*); **Santiago Cortegoso** (*Casa O'Rei*; *Visión nocturna*; *A buxaina*; *Hámster*; *0'7% Molotov*; *A filla de Woody Allen*; *Os cló-cló*; *Raclette*); **Ernesto Is** (*Despois das ondas*; *O ceo baixo Berlín*); **Vanesa Sotelo** (*Azotea*; *Indoor*; *Memoria do incendio*; *Campo de covardes*; *O retrato da sibila*); **Carme Varela** (*As desterradas*); **Roi Vidal Ponte** (*Último capítulo*; *Canción triste de Wall Street*; *Xulieta's Black Hole*; *Boisaca ou a divina desgraza*); etc.

Ao lado dos dramaturgos citados habería que engadir na promoción dos 90 outros como **Diego Anido** (*Cascuda*); **Blanca Cendán** (*Lili Camaleón*); **Eva F. Ferreira** (*Poema sinestésico para tres voces e un can*); **Antón Lopo** (*O manicomio das vacas e Os homes só contan até tres*); **Nazaret López** (*Jalisia, ¡mi mardriña!*); **Miguel Anxo Murado** (*A grande noite de Fiz, Historias peregrinas*); **Manuel Núñez Singala** (*O achado do castro, Comedia bífida*); **Jacobo Paz** (*Lugares inhóspitos*; *Elevador*); **Gabriel Penabade** (*As viaxes fantásticas, Transformeixon, As voces do mar, Peccata Minuta*); **José Luís Prieto** (*Monólogo do imbécil*; *Jánsel e Pónsel*; *Dereita-Esquerda*; *Fobias*; *Carambolas*; *O ridículo desamor dun home máis ou menos normal*); **Pepe Sendón** (*Annus Horribilis. Piccola Opera Portabile*); **Francisco Souto** (*Amar non ten laranxas*); **Artur Trillo** (*Quero ser grande*); **Marga do Val** (*Belle Otero. O corpo que fala*; *Aurora Rodríguez e a súa filla Hildegart*); etc.



Esther F. Carrodeguas.

## Fragmento de *¡Ai, que sería de nós sen os obreiros!*, de Gustavo Pernas Cora

Unha vella ben parecida está sentada nun banco. Mira atentamente cara á súa dereita, con intriga... Soan bucinas de automóbeis, pitos dun semáforo, ruídos de aceleración...

CARMIÑA: — *Píllana... non a pillan... píllana... non a pillan... píllana... non a pillan... pi-pi-pi-pi... Non a pillaron... ¡Ai, meu deus, polos pelos...!* (Santíguase)

Aparece na escena outra vella, apurada. Vén do lugar cara onde miraba a primeira, respira fatigada; válese para camiñar dun bastón. É unha vella malencarada, barbuda, mal parecida...

GAUDENCIA: — *¡Ai, Carmiña, cada vez é máis difícil cruzar a rúa...!*

CARMIÑA: — *¡Que pouco respecto teñen polas vellas...!*

GAUDENCIA: — *Menos aínda polas vellas barbudas... Arrancan antes de que remate o pito dos cegos... Non aturan ás vellas modernas...*

CARMIÑA: — *¿Moderna, Gaudencia? Se as barbas non se levan...*

GAUDENCIA: — *Algunha tiña que ser a primeira... Ben... ¿Hai moito que empezou?*

CARMIÑA: — *Xa vai polo terceiro...*

As dúas miran cara ó fronte, algún lugar no alto... Gaudencia non semella ver moi ben...

GAUDENCIA: — *¿Que aspecto ten?*

CARMIÑA: (Soñadora, contenta) — *É alto, forte e guapo.*

GAUDENCIA: (Aguza a vista) — *¡Carafío, que vista tes!*

CARMIÑA: (Segura de si mesma) — *Este non vai caer...*

GAUDENCIA: — *Vai vento, un día perfecto...*

CARMIÑA: — *Gaudencia, dígoche que este non vai caer.*

GAUDENCIA: — *As estatísticas dos xornais din que...*

CARMIÑA: (Interrompéndoa) — *Déixate de estatísticas, aquí o que vale é a intuición feminina.*

GAUDENCIA: *Es unha vella ben vella, hoxendía hai que ter en conta as estatísticas...*

CARMIÑA: — *¡Non vai caer!*

GAUDENCIA: — *Calquera diría que che gusta, Carmiña...*

CARMIÑA: — *¡Ai!, saca, muller, que cousas tes...*

GAUDENCIA: — *Só caeron dous este mes e o ano pasado a estas alturas xa caeran tres... Vai caer.*

CARMIÑA: — *Non... Mira, xa vai polo quinto...*

GAUDENCIA: — *¿Por canto empezamos?*

CARMIÑA: — *¿Paréceche por un cuarto?*

GAUDENCIA: — *Feito, un cuarto de pensión a que cae...*

O ritmo da acción medra coa aposta. As vellas vólvense áxiles e cobizosas.

CARMIÑA: — *Aí vai, un cuarto de pensión a que non cae.*

Carmiña e Gaudencia sacan dos bolsos, duns sobres, os cartos da pensión que van apostando e póñenos debaixo dunha pedra, no banco, entre as dúas...

GAUDENCIA: — *Cae.*

CARMIÑA: — *Non cae.*

# Textos e actividades

GAUDENCIA: — Cae.

CARMIÑA: — Non cae.

GAUDENCIA: — Cae... cae... Soltóuselle unha corda... Cae...

CARMIÑA: — Agarrouse ben... Non cae.

GAUDENCIA: — Media pensión a que cae.

CARMIÑA: — Media a que non cae.

GAUDENCIA: — Cae.

CARMIÑA: — Non cae.

GAUDENCIA: — Cae.

CARMIÑA: — Non cae.

GAUDENCIA: — Cae... ¡Cona! Este está duro de moer...

CARMIÑA: — ¡Vaise salvar, Xesuscristo!

GAUDENCIA: — Non, non me vai foder a pensión, vai caer... Aposto a pensión enteira...

CARMIÑA: — Vale, aí vai a miña pensión... “Dios te salve María, llena eres de gracia, el Señor es contigo...”  
Que se salve Virxe Santísima... que non caia...

GAUDENCIA: (Pletórica) — Cae, cae, cae...

CARMIÑA: — Non cae, non cae... ¡Uj, que vento!

GAUDENCIA: — Cae, vai voar Carmiña, xa verás como voa o teu artista...

CARMIÑA: — ¡Coidado!... ¡Coidado co andamio!

GAUDENCIA: — Vai esvarar... Vai caer...

CARMIÑA: — ¡Aguanta!... Non caias... pola miña pensión...

GAUDENCIA: — Pois pola miña que vai caer... cae... cae... cae...

CARMIÑA: — Non cae... non cae... non cae...

GAUDENCIA: — Cae... cae... cae... Cae... cae... cae... (Escóitase un estrondo) Caeeeu... ¡Caeeeeuu! ¡Ai!, que ben caeu... sen casco e sen rede.

CARMIÑA: (Piadosa, desconsolada) — Ora pro nobis...

GAUDENCIA: — ¡Deixouche sen pensión, Carmiña! (Colle os cartos da aposta, avarenta). Perdiches outra vez... ¡Ai, que sería de nós sen os obreiros! [...]

## Fragmento de *As desterradas*, de Carme Varela

### ESCENA NOVENA

Tareixiña e sor Einés lavan roupa nun lavadoiro. Segundo a van lavando, a roupa branca póñena a branquear na escena e a outra bótana a secar nunha corda. A luz é tristeira.

TAREIXIÑA: Que cousa máis triste. Nunca vira a madre abadesa tan dada de si. Non comprendín ben o que falaban de sor Beatriz, a outra abadesa, e mais des tal frei Rodrigo de Valencia. Tampouco entendín por que di a madre abadesa que ela non é tal e que a verdadeira abadesa está en San Paio de Antealtares. Non entendo nada! Como é o conto ese?

SOR EINÉS: Foron os reis Isabel e Fernando, pais da raíña dona Xoana, os que encargaron á congregación de San Bieito de Valladolid a reforma dos mosteiros galegos, decretando que nos habíamos de xuntar

todas as bieitas galegas en San Paio de Antealtares baixo os mandatos da casa de Castela. Destráronos a Compostela co único pensamento de quedaren cos nosos bens. [...] Pedíronnos máis do que podíamos dar. Polo que se ve, a raíña de Castela quere mudar a regra de San Bieito pola súa conta. Todos eran en contra nós e nós loitamos a brazo partido polo que era noso. [...] É moi longo de contar, Tareixiña.

TAREIXIÑA: Cóntemo, sor Einés. Non me deixe sen saber.

## Fragmento de *As alumnas*, de Paula Carballeira

### ESCENA 10

#### A boa esposa

Xogo de roles. ROSA e ELVIRA alternan o rol da esposa e do marido, segundo corresponda.

ROSA: No ano 1953 Pilar Primo de Rivera escribiu a Guía da boa esposa. Once regras para manter o teu marido feliz. Sé a muller que el sempre soñou. *Lembras?*

ELVIRA: Lembro. Primeira regra: Ten lista a cea.

ROSA: Planea con tempo unha deliciosa cea para a súa chegada. Esta é a maneira de deixarlle saber que estiveches pensando nel e que che preocupan as súas necesidades.

ELVIRA: A maioría dos homes están famentos ao chegar á casa.

ROSA: As mulleres non.

ELVIRA: As mulleres non chegamos, xa estamos na casa.[...]

ROSA: Segunda regra: Luce fermosa.

ELVIRA: Descansa cinco minutos antes da súa chegada para que te atope fresca e reluciente.

ROSA: Coma unha mazá á que botarlle o dente.

ELVIRA: Retoca a túa maquillaxe, pon unha cinta no pelo e luce o mellor posible para el. Lembra que tivo un día duro e que só tratou con compañeiros de traballo.

ROSA: Pobre!

ELVIRA: Só con compañeiros de traballo, si, se non coñecese eu a Ricardo.

ROSA: Faga o que faga el, regra número tres: Sé doce e interesante.